

Referencia:	<b>2018/00004329N</b>
Procedemento::	<b>Expedientes de contratos de servicios</b>
Interesado:	
Representante:	
<b>SECCIÓN DE CONTRATACIÓN (1519)</b>	

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE Nº 2 (OFERTA ECONÓMICA) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE LABORES DE XARDINERÍA NUNHA ZONA VERDE PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN (CACHAMUÍÑA)**

No Pazo provincial, sendo as 13:20 horas do día 23 de xullo de 2018, constitúese a mesa de contratación, integrada polo Sr. Vicepresidente provincial, don Rosendo Luís Fernández Fernández, como Presidente da mesa; o Vicesecretario, D. Juan Marquina Fuentes; a Técnico Fiscalizador da Xestión Orzamentaria Contable, Dona Begoña Álvarez Matos, e o xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, D. Javier Martínez de Anta, como vogais, e a Técnico do Servizo Provincial de Investimentos, Contratación e Patrimonio, Dona Marta Mouriño Vázquez como Secretaria da Mesa, co obxecto de proceder á apertura da oferta económica (sobre nº 2) do “procedemento aberto para a contratación do **servizo para a realización de labores de xardinería nunha zona verde propiedade da Deputación (Cachamuíña)**”, convocado segundo Decreto da Presidencia provincial do 25 de xuño de 2018 e bases de contratación e anuncio de licitación publicados no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público con data 4 de xullo de 2018, e apertura de documentación administrativa con data 20 de xullo de 2018, co seguinte resultado:

- O primeiro licitador é “**FORESTACIÓN GALICIA, S.A**”, con CIF: A-32.226.326, que unha vez coñecidas as condicións esixidas para optar ó procedemento para a contratación do servizo para a realización de labores de xardinería nunha zona verde propiedade da Deputación (Cachamuíña), se compromete a executalas polo importe total de 45.886,78 € (IVE excluído), ofertando un prazo de garantía dos traballos realizados de 1 ano.
- O segundo licitador é “**LIMPERGAL, S.L**”, con CIF:B-27.141.159, que unha vez coñecidas as condicións esixidas para optar ó procedemento para a contratación do servizo para a realización de labores de xardinería nunha zona verde propiedade da Deputación (Cachamuíña), se compromete a executalas polo importe total de 47.690,00 € (IVE excluído), ofertando un prazo de garantía dos traballos realizados de 1 ano.
- O terceiro licitador é “**COVIASSTEC, S.L**”, con CIF:B-32.240.210, que unha vez coñecidas as condicións esixidas para optar ó procedemento para a contratación do servizo para a realización de labores de xardinería nunha zona verde propiedade da Deputación (Cachamuíña), se compromete a executalas polo importe total de 48.980,27 € (IVE excluído), ofertando un prazo de garantía dos

traballos realizados de 5 anos.

Levando a cabo a Mesa de contratación a valoración das ofertas obtense a seguinte puntuación por orden decrecente:

- **COVIASSTEC, S.L**, obtén unha puntuación de 94,32 puntos sobre un total posible de 100, de conformidade coa cláusula XIV do prego.
- **FORESTACIÓN GALICIA, S.A** obtén unha puntuación de 90,00 puntos sobre un total posible de 100, de conformidade coa cláusula XIV do prego.
- **LIMPERGAL, S.L** obtén unha puntuación de 86,60 puntos sobre un total posible de 100, de conformidade coa cláusula XIV do prego.

Deste xeito a Mesa acorda por unanimidade propoñer que a adxudicación do expediente se efectúe a favor da oferta presentada pola Cía. Mercantil “**COVIASSTEC, S.L**”, con CIF:B-32.240.210, que unha vez coñecidas as condicións esixidas para optar ó procedemento para a contratación do servizo para a realización de labores de xardinería nunha zona verde propiedade da Deputación (Cachamuíña), se compromete a executalas polo importe total de 48.980,27 € (IVE excluído), ofertando un prazo de garantía dos traballos realizados de 5 anos.

E, ás 13:25 horas do día da data, dáse por rematado o acto, asinando os que interveñen, do que certifico.

**O PRESIDENTE DA MESA,**

**O VICESECRETARIO,**

**A TÉCNICO FISCALIZADOR,**

**O XEFE DE INVEST. SUBV E PATRIMONIO,**

**A SECRETARIA DA MESA**